ANUNCIO VILAMARIN OFERTA AUX AXUDA FOGAR



## Verín

Edicto

O Pleno deste concello, na sesión ordinaria con data 10.11.2017, acordou a aprobación inicial da modificación número 1/2017 da Relación de postos de traballo deste concello.

Sométese isto a información pública e audiencia dos interesados, expóndose no taboleiro de edictos o texto da modificación número 1/2017 da Relación de postos de traballo que se aprobou inicialmente durante o prazo dos quince días hábiles seguintes ao da publicación deste edicto no BOP, dentro do cal, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes.

Asemade, faise constar que o Pleno acordou que, se durante o prazo sinalado non se presentan reclamacións ao acordo de aprobación inicial, entenderase como aprobación definitiva, sen que sexa necesario adoptar expresamente acordo en tal sentido e, a continuación, publicarase o anuncio de aprobación, así como un extracto dos postos de traballo no BOP.

Verín, 13 de novembro de 2017. O alcalde en funcións.

Asdo.: Diego Lourenzo Moura.

---

*Edicto*

*El Pleno de este ayuntamiento, en la sesión ordinaria de fecha 10.11.2017, acordó la aprobación inicial de la modificación número 1/2017 de la Relación de puestos de trabajo de este ayuntamiento.*

*Esto se somete a información pública y audiencia de los interesados, exponiéndose en el tablón de edictos el texto de la modificación número 1/2017 de la Relación de puestos de trabajo, que se aprobó inicialmente durante el plazo de los quince días hábiles siguientes al de la publicación de este edicto en el BOP, dentro del cual, los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones o alegaciones que estimen pertinentes.*

*Asimismo, se hace constar que el Pleno acordó que, si durante el plazo señalado no se presentan reclamaciones al acuerdo de aprobación inicial, se entenderá como aprobación definitiva, sin que sea necesario adoptar expresamente acuerdo en tal sentido y, a continuación, se publicará el anuncio de aprobación, así como un extracto de los puestos de trabajo en el BOP.*

*Verín, 13 de noviembre de 2017. El alcalde en funciones.*

*Fdo.: Diego Lourenzo Moura.*

**R. 3.510**

## Verín

Edicto

Referencia: 3566/2017

O Pleno do concello, na sesión ordinaria con data 10/11/2017, acordou:

Primeiro.- Aprobar a creación en réxime de dedicación parcial (media xornada) do seguinte cargo municipal, coas retribucións que se sinalan:

Concellaría Delegada de Servizos Públicos: cunha retribución bruta anual de 17.990,00 €, distribuídos en doce pagas mensuais e dúas extraordinarias (xuño e decembro, de igual contía (1.285 €).

Segundo.- Aprobar as condicións en que se desenvolverá o exercicio da dedicación sinalada, que serán as seguintes:

1.- O membro da Corporación que exerza o seu cargo en réxime de dedicación parcial (media xornada), será dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento dos custos empresariais que corresponda.

2.- O alcalde, por decreto, determinará o membro da Corporación que realizará as súas funcións en réxime de dedicación parcial (media xornada), e percibirá as retribucións dende o día seguinte ao da devandita resolución.

3.- As retribucións establecidas incrementaranse anualmente na porcentaxe máxima que se determine nos orzamentos xerais do Estado para o persoal ao servizo das administracións públicas.

Terceiro.- Publicar as retribucións aprobadas integramente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello durante quince días, de conformidade co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985.

Verín, 13 de novembro de 2017. O alcalde en funcións.

Asdo.: Diego Lourenzo Moura.

---

*Edicto*

*Referencia: 3566/2017*

*El Pleno del ayuntamiento, en la sesión ordinaria de fecha 10/11/2017, acordó:*

*Primero.- Aprobar la creación en régimen de dedicación parcial (media jornada) del siguiente cargo municipal, con las retribuciones que se señalan:*

*Concejalía Delegada de Servicios Públicos: con una retribución bruta anual de 17.990,00, distribuidos en doce pagas mensuales y dos extraordinarias (junio y diciembre, de igual cuantía (1.285 euros).*

*Segundo.- Aprobar las condiciones en que se desarrollará el ejercicio de la dedicación señalada, que serán las siguientes:*

*1.- El miembro de la Corporación que ejerza el cargo en régimen de dedicación parcial (media jornada), será dado de alta en el régimen general de la Seguridad Social, asumiendo la Corporación el pago de los costes empresariales que corresponda.*

*2.- El alcalde, por decreto, determinará el miembro de la Corporación que realizará las funciones en régimen de dedicación parcial (media jornada), y percibirá las retribuciones desde el día siguiente al de la referida resolución.*

*3.- Las retribuciones establecidas se incrementarán anualmente en el porcentaje máximo que se determine en los presupuestos generales del Estado para el personal al servicio de las administraciones públicas.*

*Tercero.- Publicar las retribuciones aprobadas íntegramente en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de anuncios de este ayuntamiento durante quince días, de conformidad con lo establecido en el artículo 75.5 de la Ley 7/85.*

*Verín, 13 de noviembre de 2017. El alcalde en funciones.*

*Fdo.: Diego Lourenzo Moura.*

**R. 3.512**

## Vilamarín

Unha vez aprobadas as bases que rexerán a contratación por concurso de sete auxiliares de axuda no fogar, en réxime laboral temporal a xornada completa, publícase o resumo da convocatoria para xeral coñecemento e chamamento ao concurso.

1. Número de prazas: 7.
2. Denominación: auxiliar de axuda no fogar.
3. Servizo: servizo de axuda no fogar do Concello de Vilamarín.
4. Modalidade de contratación: contrato por obra ou servizo, de duración determinada a tempo completo.
5. Sistema de selección: concurso.

ANUNCIO VILAMARIN OFERTA AUX AXUDA FOGAR



6. Duración do contrato: 1 ano.

7. Prazo e lugar de presentación das solicitudes: 7 días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro Xeral do Concello de Vilamarín, situado en Avda. Santiago Apóstol, n.º 5, 32101 Vilamarín), en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. Bases: o texto íntegro das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do concello.

Vilamarín, 23 de novembro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Amador Vázquez Vázquez.

---

*Una vez aprobadas las bases que regirán la contratación por concurso de siete auxiliares de ayuda a domicilio, en régimen laboral temporal a jornada completa, se publica el resumen de la convocatoria para general conocimiento y llamamiento al concurso.*

*1. Número de plazas: 7.*

*2. Denominación: auxiliar de ayuda a domicilio.*

*3. Servicio: servicio de ayuda a domicilio del Ayuntamiento de Vilamarín.*

*4. Modalidad de contratación: contrato por obra o servicio, de duración determinada a tiempo completo.*

*5. Sistema de selección: concurso.*

*6. Duración del contrato: 1 año.*

*7. Plazo y lugar de presentación de las solicitudes: 7 días hábiles siguientes al de la publicación de este anuncio en el BOP, en el Registro General del Ayuntamiento de Vilamarín, situado en Avda. Santiago Apóstol, n.º 5, 32101 Vilamarín, en horario de 09:00 a 14:00 horas, o a través de cualquiera de los medios que prevé la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*

*8. Bases: el texto íntegro de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del ayuntamiento.*

*Vilamarín, 23 de noviembre de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Amador Vázquez Vázquez.*

*R. 3.695*

Confederación Intersindical Galega